

**PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓN E INFRAESTRUTURAS
AS COSTEIRAS (PE-4) DO PXOM DE BAIONA**

RESUMO EXECUTIVO

EQUIPO REDACTOR

**JOSÉ LUQUE VALDIVIA, PEDRO GONZALEZ SOUTO, IZASKUN ASEGUINOLAZA BRAGA,
CARLOS DÍAZ DELGADO, NUÑO MARDONES FERNÁNDEZ DE VALDERRAMA, ARQUITECTOS**

ASISTENCIA AMBIENTAL: JON ASEGUINOLAZA BRAGA, BIÓLOGO-PAISAXISTA

28 DE DCEMBRO DE 2016

**RESUMO EXECUTIVO
DO PLAN ESPECIAL DE DOTACION E INFRAESTRUTURAS
AS COSTEIRAS (PE-4) DO PXOM DE BAIONA**

O apartado 6 do art. 144 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, en desenvolvemento do previsto no art. 60.6 da citada Lei prevé que tras a aprobación inicial por parte do Concello do Plan Xeral de Ordenación Municipal, o documento someterase a información pública durante o prazo de dous meses.

De acordo con ese apartado do citado artigo do Regulamento a documentación sometida a información pública debe incluír un resumo executivo do Plan, que conterá polo menos:

- a) Os ámbitos nos que a nova ordenación altere a vixente, cun plano da súa situación e indicación do alcance de dita alteración.
- b) No seu caso, os ámbitos nos que se suspenda a concesión de licenzas e a tramitación de outros procedementos, indicando a duración da suspensión.

O art. 168 do citado Regulamento, que fixa o procedemento de aprobación dos Plans Especiais non inclúe a esixencia de incluír un resumo executivo do Plan na documentación sometida a información pública. Con todo en aras dunha maior eficacia do período de información pública, engádesse á documentación do Plan o presente resumo executivo.

ÁMBITO NOS QUE A NOVA ORDENACIÓN ALTERA A VIXENTE E ALCANCE DESA ALTERACIÓN

O plano adxunto recolle a localización do ámbito do Plan Especial, que mantén o uso de equipamento deportivo extensivo compatible cos valores naturais do ámbito, tal como prevé para eses terreos o Plan Xeral de Ordenación Municipal.

A única modificación que introduce o Plan Especial respecto ao Plan Xeral, é excluír do seu ámbito unha pequena superficie de 191,37 m², que quedan ao leste da estrada e por tanto separada do resto do terreo destinado a equipamento deportivo. A lexislación urbanística vixente permite que o Plan Especial introduza esta modificación do ámbito ao non superar o 10% do ámbito previsto polo Plan Xeral, que é a variación máxima que permite a lei.

Polo demais, o Plan Especial establece unha ordenación detallada e pormenorizada deses terreos, concretando a ordenación xeral ou estrutural prevista polo Plan Xeral. Esa ordenación detallada permite implantar as instalacións necesarias para a práctica de distintos deportes, entre eles o golf, tenis, natación, etc.

ÁMBITO EN QUE SE SUSPENDEN AS LICENZAS

No ámbito do Plan Especial, reflectido no plano adxunto, suspéndense o procedemento de concesión de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición.

Esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos, a contar desde a aprobación inicial do Plan Especial, extinguíndose, en calquera caso coa aprobación definitiva do Plan Especial.